

## MANIFESTO 25 NOVEMBRO

O maltrato machista, consecuencia máis atroz da pretendida desigualdade entre homes e mulleres, segue presente na nosa sociedade. Hoxe co motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o Concello da Baña lémbrale ás vítimas que aquí estamos para axudalas a saír desa situación e comprometémonos a combater esta inxusta e irracional eiva.

Cando sae á luz a violencia física, a máis identificable e perceptible, é a que fai saltar as alarmas máis veces pero o maltrato á mulleres prodúcese acotío, en case todos os ámbitos da vida e baixo distintas formas: discriminación, violencia, ameazas, acoso, ... Mais recentemente recoñecida pero, non por iso menos cruel, inclúese nesta terrible listaxe a violencia vicaria, aquela que o maltratador exerce contra as persoas que a Muller máis quere, normalmente fillos e fillas, para lastimala e/ou sometela.

En Galicia, segundo datos da Fiscalía Superior, rexistráronse no ano 2020 6.073 vítimas da violencia de xénero (1,27% máis que no 2019), 3 asasinatos machistas e, un dato moi preocupante: un 84% DE RENUNCIAS A CONTINUAR CO PROCESO XUDICIAL.

Os Concellos somos a Administración de proximidade, establecemos relación directa cos cidadáns e cas cidadás e debemos comprometernos fronte á violencia de xénero e ir máis aló de diminuír os rexistros de vítimas; erradicar ese maltrato que oprime de diferentes maneiras ás mulleres impedíndolles o seu desenvolvemento; traballar na concienciación para a igualdade. Os concellos debemos:

- . Instar ás demais Administracións, institucións, entidades públicas e privadas, axentes sociais e cidadanía a sumarse a esta declaración de denuncia e compromiso para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres.
- . Remarcas a necesidade dunha abordaxe global e profunda, con liñas de acción sobre todas as formas do maltrato, incidindo non só na asistencia senón tamén en dar visibilidade a todo tipo de situacións e adoptando medidas de prevención.
- . Requerir recursos económicos e humanos para implementar proxectos de axuda e empoderamento das mulleres.
- . Mellorar e priorizar as políticas e leis a favor do desenvolvemento das mulleres, garantindo a súa aplicación en calquera espazo e circunstancia a prol de protexer os seus dereitos.
- . Subliñar o valor das mulleres no desenvolvemento social, económico, intelectual e humano, asegurando a súa participación plena e efectiva en todos os niveis de liderado e decisorios da vida política, económica e social, tanto pública como privada.